

# Programación didáctica de actividades extraescolares



---

Actividades extraescolares e complementarias

IES Urbano Lugrís (Malpica de Bergantiños)

Curso 2022-2023

Noelia Cives Soneira



## ÍNDICE

<b>ÍNDICE</b>	<b>1</b>
1. INTRODUCCIÓN	2
2. XUSTIFICACIÓN E OBXECTIVOS	2
3. CONTRIBUCIÓN DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS XERAIS	3
4. DIRECTRICES XERAIS PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES	4
5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	4
6. CONMEMORACIÓNS	5
<b>6.1. MAGOSTO</b>	<b>6</b>
<b>6.2. VACACIÓNS DE NADAL</b>	<b>6</b>
<b>6.3. ENTROIDO</b>	<b>6</b>
<b>6.4. EXCURSIÓN DE FIN DE CURSO DE 4º DE ESO</b>	<b>6</b>
<b>6.5. FESTIVAL DE FIN DE CURSO</b>	<b>6</b>
7. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS POR DEPARTAMENTOS	7
<b>7.1. DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA</b>	<b>7</b>
<b>7.2. DEPARTAMENTO DE INGLÉS</b>	<b>7</b>
<b>7.3. DEPARTAMENTO DE FRANCÉS</b>	<b>8</b>
<b>7.4. DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA E CLUBE DE LECTURA</b>	<b>9</b>
<b>7.5. DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA</b>	<b>9</b>
<b>7.6. DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA</b>	<b>10</b>
<b>7.7. DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA</b>	<b>11</b>
<b>7.8. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN</b>	<b>11</b>
<b>7.9. DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA</b>	<b>11</b>
8. PLAN DE ACTIVIDADES DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA NO IES URBANO LUGRÍS-MALPICA NO CURSO 2022/2023 ACTIVIDADES PROGRAMADAS POLO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN.	12
9. ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E HORARIO DA BIBLIOTECA DO INSTITUTO	13
10. MODIFICACIÓNS DA PROGRAMACIÓN	15

## 1. INTRODUCCIÓN

---

As funcións do departamento de actividades extraescolares e complementarias están orientadas a coordinar, xestionar e canalizar as diferentes actividades propostas no centro educativo IES Urbano Lugo.

As propostas procederán basicamente dos Departamentos Didácticos e diversos estamentos do ámbito cultural, educativo, deportivo e de ocio.

O departamento asumirá unha competencia xestora para o cal manterá unha continua e estreita relación co equipo directivo e as xefaturas de departamento co fin de lograr o máximo aproveitamento das actividades sen que supoña prexuízos para o normal funcionamento do centro. Igualmente e necesaria a cooperación cos titores, a ANPA e o resto de claustro e comunidade educativa. O carácter aberto da programación concrétase coa posibilidade de propoñer actividades novas e diferentes co fin de conseguir unha relación máis aberta e dinámica entre a realización das actividades e as características do alumnado encamiñado sempre o máximo aproveitamento pedagóxico. Nestes casos elevarase a proposta ó Equipo Directivo quen estudiará a súa viabilidade.

## 2. XUSTIFICACIÓN E OBXECTIVOS

---

Estas actividades son un factor enriquecedor na educación do alumnado xa que axúdanlles a ampliar a súa formación, a formarse nas diferentes facetas da súa personalidade e a favorecer a convivencia.

Os obxectivos fundamentais que se pretenden lograr son:

- Conseguir que estas actividades sexan un estímulo para actividade educativa evitando que a ensinanza non quede relegada o ámbito da aula.
- Motivar a participación dos alumnos/as despertando o seu interese nos aspectos educativos e contribuíndo a mellora do seu rendemento académico.
- Potenciar a relación co entorno socio-cultural máis próximo o alumnado co fin de mellorar a información e facilitar a súa integración.
- Cooperar e facilitar a Viaxe de Fin de Estudos dirixida ó alumnado que remata os estudos no centro.

- Potenciar a implicación e participación de todos os sectores da comunidade educativa.
- Promover e potenciar a realización de actividades de carácter interdisciplinario.
- Informar de cantas actividades se teña coñecemento e a súa posterior entrega os Departamentos que podan estar interesados, así coma a súa exposición no taboleiro de anuncios.

### 3. CONTRIBUCIÓN DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS XERAIS

As actividades complementarias e extraescolares contribúen especialmente a adquirir as seguintes competencias:

- Competencias artística e cultural, xa que se amplía o coñecemento dos diferentes códigos artísticos e o emprego das técnicas e recursos propios.
- Autonomía e iniciativa persoal.
- Competencia social e cidadá. O feito de realizar fora do centro escolar supón un traballo en equipo e unha integración social.
- Competencia de aprender a aprender debido a que implica a toma de conciencia das propias capacidades e recursos así como a aceptación dos propios erros como ferramenta de mellora.
- Competencia dixital, xa que calquera actividade programada necesita do uso de recursos dixitais na súa programación.
- Competencia do coñecemento e interacción co mundo físico a través da observación, experimentación, reflexión, descubrimento e posterior análise.
- Competencia de comunicación debido ó contacto fóra do centro.

#### **4. DIRECTRICES XERAIS PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES**

---

- As actividades poderán realizarse tanto dentro coma fóra do centro.
- Poderán ter un carácter complementario ou distinto a materia segundo dispoña o profesor pero sempre pensando no máximo aproveitamento para o alumnado.
  - A realización das actividades fóra do centro deberán ser notificadas o departamento de extraescolares.
  - Os contidos e os obxectivos serán determinados polos departamentos correspondentes.
  - As actividades realizadas fóra do centro levarán por cada 20 alumnos un profesor acompañante como mínimo.
  - Sempre que se realice unha actividade fóra do centro pedirase os país ou titores legais dos alumnos que firmen unha autorización.
  - O departamento de actividades extraescolares fomentará que as actividades sexan equitativas para todos os niveis educativos.
  - As actividades de larga duración intentarase programar para unhas datas que afecten o mínimo posible o desenvolvemento do curso.

#### **5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

---

Para levar a cabo a avaliación das actividades extraescolares teranse en conta os seguintes aspectos:

- Grado de cumprimento dos obxectivos planeados na programación.
- Adecuación da distribución das actividades.
- Valoración de materiais e recursos.
- Grado de satisfacción do alumnado e do profesorado.

## 6. CONMEMORACIÓNS

---

Durante o curso escolar teranse en conta a maioría das conmemoracións fixadas na *Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia* coma, por exemplo:

- 25 de novembro de 2022: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- 30 de xaneiro de 2023: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 8 de marzo de 2023: Día Internacional da Muller.
- Do 6 ao 10 de marzo de 2023: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 1 de abril de 2023: Día das Artes Galegas.
- Do 17 ao 21 de abril de 2023: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2023: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- Do 15 ao 19 de maio de 2023: Semana das Letras Galegas.

De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

Cando algunha das datas as que se refiren os puntos anteriores sexa sábado, domingo, festividade local ou estea incluída nalgún dos períodos de vacacións a correspondente conmemoración celebrarase o día lectivo inmediatamente anterior ou posterior, segundo estableza a programación xeral de cada centro.

## 6.1. Magosto

---

O luns 7 de novembro de 2022, en horario de tarde (de 16:15 á 17:55) celebrarase o Magosto no centro. Contaremos coa colaboración de distintos Departamentos. Entre as actividades que se propoñerán está:

- Foliada na que participará alumnado tocando algún instrumento musical ou baile, profesorado e un grupo de Cerqueda que ten por nome *As Raigañas*.
- Xogos tradicionais como a petanca, o concurso de sacos, a mariola, a corda...
- A ANPA aportará bebidas e algúns doces para acompañar as castañas.

## 6.2. Vacacións de Nadal

---

O último día antes das vacacións de Nadal realizaranse actividades deseñadas polos diferentes Departamentos. Deben axudar na iniciativa de incentivar o alumnado a participar.

## 6.3. Entroido

---

A véspera do Entroido o alumnado poderá disfrazarse e realizar as diferentes actividades que se propoñan para ese día.

## 6.4. Excursión de fin de curso de 4º de ESO

---

Proporáselle ó alumnado de 4º de ESO unha excursión de varios días ao principio do 3º trimestre.

Polo momento, a data e o destino desta excursión están sen concretar, así como o profesorado acompañante. Tamén está pendente concretar a data dunha reunión informativa cos/as pais/nais do alumnado.

## 6.5. Festival de Fin de Curso

---

En xuño levarase a cabo unha celebración para darlle a benvinda ó verán e o remate do curso.

## 7. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS POR DEPARTAMENTOS

---

### 7.1. DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

---

O departamento de Lingua e literatura promove cada curso, polo menos, unha saída ao cine ou teatro, que se decidirá conforme vaian tendo información suficiente.

Tamén se prevé en abril ou en maio (semana das letras) unha saída para visitar algún lugar de interese (casa-museo de algún escritor, roteiro literario, etc.).

Outro dos eventos aos que poderemos ir é ó *Correlingua*, que sempre se convoca no mes de maio/xuño.

Nalgún caso, tamén se tratará de traer algún autor/a convidado ao centro e organizar algunha charla ou mesa redonda.

Tamén se lles animará ao alumnado a participar en certames literarios como *Tíralle da lingua*, *Coca-cola*...

Ata agora, non se poden adiantar datas porque sempre se atenden as ofertas das diferentes editoriais, escritores, certames de teatro... nada máis que unha saída o día 30 de marzo para o alumnado de 3º ESO.

### 7.2. DEPARTAMENTO DE INGLÉS

---

O Departamento de Inglés neste curso académico colabora coa Radio do centro para crear *podcast* e diferentes actividades que se propoñan.

Ademais, propoñeráse a visión dunha obra de teatro da compañía *Face 2 Face* no centro cívico do pobo para o segundo ciclo da ESO. O título da obra é *Hotel Canterville*.

Así mesmo, ao departamento foille concedido o intercambio presencial a través do programa Edu-exchanges para realizar co alumnado do 2º nivel da ESO.



Por outro lado, como actividade complementaria, organizarase o *Easter Hunt*. Será proposta para realizar no propio centro onde o alumnado, a través dunha serie de pistas facilitadas deberán encontrar o que se lles indique.

Por último, é necesario comentar que o Departamento conta coa presenza dun auxiliar de conversación que terá un papel fundamental nas diferentes excursións que se organicen, ben sexa no departamento de inglés coma en calquera outro. Esta persoa socializará co alumnado e integrará a lingua nas súas intervencións para fomentar no alumnado o interese polo idioma.

### 7.3. DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

---

O Departamento de Francés promove o intercambio de correspondencia con alumnos franceses do *Collège Anne* de Bretagne en Rennes, a participación en proxectos *E-Twinning* e tamén a participación no programa *Edu-Exchanges*, na modalidade de intercambio en liña.

Ademais, o noso centro foi seleccionado para participar no programa de intercambio coa *Région Académique* de Bretagne durante este curso. Poderán participar 10 alumnos de 3º e 4º da ESO co fin de coñecer e compartir experiencias con outro país europeo de fala francesa.

Así mesmo, probablemente se leve a cabo unha excursión para o alumnado de 3º da ESO a París, onde se visitarán museos como o Louvre, Versailles ou se paseará sobre a catedral de Notre Dame, Torre Eiffel, Basílica do Sagrado Corazón, entre outros.

Outra das actividades que se propoñerá será o visionado dalgún fragmento de película en versión orixinal e a realización posterior, en grupos de dous ou tres alumnos, dunha ficha técnica feita nunha cartolina, traballando así o vocabulario cinematográfico cun debuxo central ilustrativo do tema ou da súa opinión sobre o filme. Os traballos serían expostos na aula de francés alternando cada un dos traballos para que todos os grupos poidan apreciar o traballo exposto na clase.

E, por último, o Departamento participará na radio-escola xunto con outros departamentos como o de Lingua castelá ou inglés.

Todo o anterior queda aberto a posibles cambios posto que calquera outra actividade que poida xurdir ao longo do curso, organizada polo Departamento de Francés ou ben en colaboración con outros Departamentos, será benvinda.

#### 7.4. DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA E CLUBE DE LECTURA

---

O Departamento de Lingua castelá e Literatura ten previstas varias actividades tanto extraescolares coma complementarias.

Por un lado, o día 13 de outubro realizará unha saída pedagóxica pola cidade da Coruña. O alumnado de 4º ESO fará o Roteiro literario de Emilia Pardo Bazán (dende a Tabacalera ata a casa-museo de Pardo Bazán), coñecerá a casa-museo de María Casares e por último irán o Centro Oceanográfico, actividade coa que colabora xunto co Departamento de Bioloxía e Xeoloxía.

Asimesmo, o día 30 de marzo de 2023 terá lugar unha visita a Radio e TV en Vigo. Será organizada para o curso de 2º ESO, pois ademais de ter relación co currículo de Lingua castelá e Literatura, tamén con Oratoria, materia impartida por este mesmo departamento.

Ademais, o Departamento é o encargado de coordinar o clube de lectura no cal se levarán a cabo diferentes actividades complementarias co fin de promover o goce e gusto pola lectura.

Non podemos esquecernos da colaboración por parte do Departamento na Radio do instituto a través de recitación de poemas, *podcast*, debates... onde participará alumnado dos catro niveis da ESO.

E, por último, levaranse a cabo diferentes certames e concursos literarios co fin de que o alumnado colabore e participe como por exemplo o xa confirmado polo Samaín. No primeiro nivel da ESO (1º e 2º) deberán crear un poema elexíaco e no segundo nivel da ESO (3º e 4º) escribirán microrrelatos de terror.

#### 7.5. DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

---

O Departamento de Educación Física promove saídas de sendeirismo no entorno do IES nalgúns recreos. Normalmente, todos os xoves fan saídas.

Ademais, grazas a un programa promovido pola Deputación, todos os cursos, poderán participar nun programa de curso de *surfing* no 2º-3º trimestre. A duración da saída sería de 4 horas na praia de Seaia. Está pendente de confirmar.

Por outro lado, seguramente no mes de xaneiro, organizarase unha excursión a neve para o alumnado de 2º ESO.

Así mesmo, o Departamento colabora na participación da limpeza de praias coa asociación *Ceida* a cal lle daría ademais unha charla de concienciación.

O día da Educación Física (25 de abril) o alumnado sairá a rúa.

Ademais, contando coa colaboración doutros centros educativos da contorna, levarase a cabo unha carreira de *Campo a través* ou rutas solidarias coa fin de promover a actividade física e a concienciación e apoio a asociacións que o precisan.

Por último, propoñeranse saídas de sendeirismo a finais do mes de xuño.

## 7.6. DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

---

O Departamento de Bioloxía e Xeoloxía durante este curso escolar 2022/2023 será o encargado de coordinar o *Club de Ciencia*.

Ademais, serán propostas diferentes actividades:

- Saída o 13 de outubro o Centro oceanográfico na vila de A Coruña.
- **Saída ao CSIC** (Centro Superior de Investigación Científicas).
- **Ceida**. É unha empresa de concienciación medioambiental na que se desenvolven diferentes tipos de actividades nas cales son interesantes e posibles propostas para o alumnado como:
  - Charla sobre a emerxencia climática.
  - Charla sobre os plásticos nos océanos que inclúe un obradoiro de recollida de lixo na praia.
  - Saída a espazos naturais da zona da Coruña.

## 7.7. DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

---

Neste curso, o Departamento de Xeografía e Historia levará a cabo actividades extraescolares fóra do centro educativo, como poden ser as saídas didácticas que están pendentes de definir e serán propostas no seu caso na CCP.

Por outro lado, está previsto para o día 26 de xaneiro unha saída ao Xulgado de Carballo onde o alumnado de 3º da ESO poderá presenciar un xuízo.

Por último, cabe destacar a solicitude mandada para a realización duns obradoiros organizados por un grupo de Proxecto Terra chamado *Sementeirás*. Solicitáronse diferentes charlas para todos os niveis da ESO segundo correspondese por currículo.

## 7.8. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

---

O Departamento de Orientación levará a cabo diferentes charlas e obradoiros coa fin de concienciar o alumnado en diversos temas da actualidade. Entre os propostos atópanse:

- Charlas informativas da saída profesional do Exército (presencial) para alumnado de 4º da ESO a finais do mes de marzo.
- Taller de Prevención de Drogodependencias para o alumnado da ESO , ou charla informativa sobre os perigos do consumo.
- Charla impartida por un profesional da OCT que trata como tema a Divulgación en Doazón e Transplantes organizado pola Oficia de Coordinación de Transplantes do Hospital Universitario de A Coruña. Sería proposta para o alumnado do 2º ciclo da ESO e tería unha duración duns 60 minutos. A fecha está pendente de concretarse pero podería celebrarse entre os meses de outubro e maio.

O Departamento queda a disposición de ofertas para a participación en máis charlas de concienciación e aprendizaxe por parte do alumnado.

## 7.9. DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

---

O Departamento de Tecnoloxía ten varias propostas pendente de confirmación entre as que se atopan as seguintes:

- Obradoiro de *Seguridade nas redes*, orientados ao alumnado de 1º e 2º da ESO.
- Obradoiro de Fotografía.
- Colaboración no *Club de ciencia*.
- Visita á feira de Ourense ou participación do certame proxectos de *Galiciencia*.

Dementes, a aparición de diferentes convocatorias que xurdirán o longo do curso serán revisadas para a súa posible realización.

## **8. PLAN DE ACTIVIDADES DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA NO IES URBANO LUGRÍS-MALPICA NO CURSO 2022/2023 ACTIVIDADES PROGRAMADAS POLO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN.**

Concurso de relato de medo no mes do medo (outubro) en colaboración co Departamento de Lingua Galega e a Biblioteca.

Concurso-exposición de lemas sobre o Día Internacional para a Eliminación da Violencia Contra a Muller (25 de novembro)

Taller “Somos Pandeireteiras” organizado pola Asociación Cultural Raigañas de Cerqueda, onde farán unha explicación do traballo da muller pandeireteira da contorna, para visibilizar a súa importancia como compositora de regueifas e coplas na cultura popular galega (26 de novembro)

Elaboración de carteis que dean a coñecer os Dereitos Humanos e personaxes que loitaron polos mesmos para conmemorar o Día dos Dereitos Humanos (10 de decembro)

Concurso-exposición sobre lemas para conmemorar o Día da Paz (30 de xaneiro)

Celebración do día da Candeloria (2 de febreiro) coa participación da comunidade educativa na elaboración de notas de agarimo e bos desexos.

Conmemoración do Día da Muller (8 de marzo) coa exposición das ilustracións de “Músicas galegas ilustradas”, e a realización do taller “Música e Lingua”, para visibilizar a música en galego por mulleres (aínda por concretar).

Celebración do Día das Letras Galegas dedicado no 2022 a Florencio Delgado Gurriarán, e ligalo á necesidade que sufriu a cultura galega de exiliarse por mor da ditadura.

Commemoración do Día de Rosalía de Castro en colaboración coa Biblioteca do centro e o departamento de Lingua e Literatura Galega.

Concurso de poesía “Xogos Florais” en colaboración co Departamento de Lingua e Literatura Galega.

Relatorio dunha escritora galega aínda por determinar.

Organización de saídas ou rutas de sendeirismo, en colaboración co Departamento de Educación Física e Departamento de Bioloxía e Xeoloxía, que favoreza o coñecemento da contorna polo alumnado do Centro

I Concurso-exposición de fotografía, no que se reflicta de maneira persoal que é para o alumnado, ou que representa para eles a tradición e cultura galega.

Excursión ao Aquapark de Cerceda en colaboración co Departamento de Educación Física.

Visita didáctica a Ponteceso para facer o Roteiro Pondaliano en colaboración co Departamento de Lingua e Literatura Galega.

## **9. ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E HORARIO DA BIBLIOTECA DO INSTITUTO**

A persoa designada como responsable e dinamizadora da biblioteca escolar para o curso 2022/2023 é José Luis Castro González.

A súa dedicación á biblioteca será de 6 horas semanais, pero conta con un equipo de apoio que lle dedicará 11 horas máis. Así mesmo, o tempo de atención nos momentos de lecer suman outras 5 sesións.

Neste ano académico, levaranse a cabo para actualizar e expurgar fondos, realizar préstamos e devolucións, continuar aquelando a CDU, coidar o mantemento da sala, realizar actividades de animación e dinamización de lectura, manter actualizado o blog do centro, colaborar interdepartamental, etc.

O equipo colaborador está formado polo seguinte profesorado:

Noelia Cives Soneira (2 horas) – Departamento de Lingua Castelá

Luz Cures (2 horas) - Departamento de Lingua Galega

Rocío Romar Roel / Alexandra Recarey González (substitución) - Departamento de Lingua Galega (2 horas)

Suzy Charmaine Henriques Fraga (2 horas) – Departamento de Inglés

Isabel Pérez Serra (2 h tempo lecer) – Departamento de Francés

Sara María Gómez Fernández (1 hora) – Departamento de Francés

Antón Varela Varela (1 tempo lecer) – Departamento de Tecnoloxía

Pedro Pablo Martínez Casillas (2 horas) / Mónica Pérez Salgado (substitución)– Departamento de Música

Ángeles Rodríguez Hevia / Sandra Ramiro Rodo (1 tempo lecer) – departamento de Inglés

As tarefas realizaranse conxuntamente entre todos os responsables da biblioteca escolar, dedicando cada profesor/a o horario que ten asignado ás actividades que en cada momento se requiran para o desenvolvemento do plan de traballo da biblioteca. Ademais, o profesorado responsable da hora de lecer contarán coa axuda de alumnos colaboradores, aos que previamente xa se lles ofreceu unha formación e que acoden durante estes períodos para ocuparse da sala, dos préstamos e para colaborar nas actividades de dinamización.

A Biblioteca Manuel María leva en funcionamento dende setembro, incluído nos recreos. Ademais de ser un espazo para a lectura e estudo, unha das principais liñas de actuación será para realizar actividades de animación á lectura, así como para impartir clase na materia Oratoria de 2º de ESO e outras posibles que poden ir xurdindo, sobre todo nas materias de lingua.

Nela tamén terán lugar os clubs de lectura que se celebrarán principalmente os luns pola tarde de 15 h a 16 h pero tamén nalgún recreo, entendido este como tempo de lecer.

Nas liñas innovadoras deste curso solicitamos o seguinte:

- Recuperación do club de lectura.
- Recuperación do programa de “Radio na biblio”.
- Realización do contrato-programa.
- Participación no programa “*Por qué leer a los clásicos*” e “Visita de autores” do MEC.
- Participación nun seminario CEFORE de formación para o profesorado e alumnado que nos axude a manexar MEIGA.
- Activación do programa de radio.
- Potenciación da mellora de linguas a través da biblioteca.

Ponse especial fincapé na exposición de fondos itinerantes de certos organismos (RAG, Fundación Miguel Delibes, Consello da Cultura Galega, CEIDA, Facultade de Minas da Universidade de Vigo, etc.) que nos permita crear actividades dinamizadoras na biblioteca.

Tamén se fai fincapé en incrementar os fondos dispoñíbeis para a “*Hora de ler*” a través da solicitude de maletas viaxeiras tanto á asesoría de bibliotecas como a outros organismos, entre eles, a CEIDA.

Así mesmo, prestaráselle especial atención a realizar o expurgo e a ordenación dos fondos e usuarios de MEIGA xa que o vindeiro curso deberemos realizar o traslado a KOHA.

Por último, en canto o horario cabe destacar que a biblioteca permanecerá aberta durante todos os recreos para todo o alumnado. De luns a venres de 11.15 h a 11.45 h.

De acordo con xefatura, tamén estará aberta a partir do segundo período do día, sempre cunha persoa docente ou co coordinador da biblioteca presente.

Os luns pola tarde abrírase cando se celebren clubs de lectura de 15 h a 16 h e en horario normal de 16.15 h a 17.55 h.

## **10. MODIFICACIÓNS DA PROGRAMACIÓN**

---

Todo documento educativo debe ser transparente e estar dispoñible para a súa consulta. Neste caso, a programación aquí presente é flexible e pode sufrir modificacións ao longo do curso.

XEFA DEP. DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES 2022/2023  
NOELIA CIVES SONEIRA  
IES URBANO LUGRÍS-MALPICA DE BERGANTIÑOS